



NOTIFICACIÓN

Expediente	2020028623
Asunto	Relación admitidos - excluidos e Comisión Valoración

Con data de 25/11/2020 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 25/11/2020 e que literalmente transcrito di:

“Por Resolución do 22/10/2020, a concelleira delegada da Area de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi aprobou as bases que rexerán a convocatoria para a provisión polo procedemento de comisión de servizos do posto de xefatura de sección de contratación.

Rematado prazo de presentación de instancias (con data 12/11/2020) propónse a concelleira delegada da Área de economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción das seguintes resolucións:

Primeira.- *Aprobar a relación provisional de persoas admitidas que é a que de seguido se cita:*

APELIDOS E NOME	DNI
MIGUEZ FUENTES HORTENSIO DAVID	***7899**

Segunda.- *Aprobar a relación provisional de persoas excluídas que é a que se cita:*

APELIDOS E NOME	DNI	MOTIVO DE EXCLUSION
MONTERO CARRE MARIA FERNANDA	***8088**	Non achega informe favorable do Concello de procedencia

Terceira.- *Outorgar á persoa excluída un prazo de 5 días naturais para emenda ou subsanación, contados desde o día seguinte á publicación desta resolución na páxina web deste Concello.*

Cuarta.- *Nomear ás seguintes persoas como membros da Comisión de Valoración:*

Presidente/a: Ana Elisa Quindós Lindín, xefa de Servizo de Contratación

Suplente: Joaquin Martínez Cubero, xefe de Servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo

Secretario: Leopoldo Tomás Moure Garcia, secretario xeral

Suplente: Paula Vazquez Carrasco, oficial maior

Vogal: Engracia Dopico González, xefa de Sección de Promoción Cultural e Turística

Suplente: José Luis Espada Golpe, xefe da Oficina Técnica

Vogal: Milagros López Alvarez, xefa de Sección de Recursos Humanos

Suplente: Laura López González, xefa de Sección de Benestar Social, Igualdade e Xuventude

Non obstante, vostede resolverá. “

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña.

Decreto.- *Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.*”

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral